Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O Cachote da Moura

No río Lérez, á altura de Couso, nun sitio chamado a Bouza, meu bisavó tiña unha casa e mais a súa granxa con tres muíños dos que moían coa forza do río.Alí hai un sitio que lle chaman o Pozo Negro.
Non se sabe que profundidade ten e é un sitio moi perigoso. Din que nesa poza desapareceu moita xente cando se ían bañar e que tamén morrera alí unha mociña loira e moi bonitiña que logo, todos os días ás doce da noite, aparecía convertida en serea e peiteábase cun peite de prata nun penedo grande que hai na beira.
Cóntase que uns canteiros quixeron romper a pena facendo unhas fendas e cando o intentaron quedaron cegos. Agora esa rocha é coñecida polo nome de Cachote da Moura.

[Recompilado pola alumna Rita Valiño, do CEIP Santo André de Xeve, Pontevedra, da súa tía-avoa Carmen da Bouza]

BIBLIOGRAFÍA

FONTE:

O SOL DA MIÑOTEIRA, nº 16, Revista do CEIP Santo André de Xeve, Pontevedra, Semana das Letras Galegas 2005, páx. 40.